

CONSELLO DE CAMPUS DE PONTEVEDRA

Xoves, 9 de xaneiro de 2025

ASISTEN:

María Covadonga Barreiro Rodríguez-Moldes; Itziar Bermejo Freijo; Xosé Manuel Buxán Bran; Ángeles Cancela Carral; Xoán Manuel Cebro Rodríguez; Marcos Dopico Castro; Óscar García García; Silvia García González; Eva María Lantarón Caeiro; Álvaro Xosé López Mira; Carlos Mollinedo Lois; Manuel Joaquín Reigosa Roger; Emma Torres Romay; Enrique José Varela Álvarez.

DESCULPAN AUSENCIA:

Lucrecia María López Rubianes; María Mercedes Soto González.

NON ASISTEN:

Marina Coego Pérez; Rafael Durán Barbosa; Carmen Maciñeiras Otero; Juan Picos Martín.

A sesión comeza ás 10.12 horas na Sala de Xuntas da Casa das Campás do Campus de Pontevedra coa seguinte ORDE DO DÍA.

Primeiro. Aprobación se procede da acta da sesión anterior

Acta correspondente á sesión ordinaria do 11 de marzo de 2024.

Apróbase.

Segundo. Informe do presidente

O Reitor informa sobre os seguintes asuntos:

Indica que se teñen modificado os **membros do Consello de Campus** e aproveita para dar a benvida á profesora Ángeles Cancela, quen xa formaba parte do Consello pero pasa a ocupar o posto como Decana da Facultade de Enxeñería Forestal. Tamén dá a benvida e agradece a participación da representante de alumnado Itziar Bermejo.

En canto a temas pendentes **específicos do Campus de Pontevedra** informa dos seguintes:

- No relativo ao oferta de uso do edificio do Hospital Provincial, agora mesmo todo está pendente da conversa co Presidente da Xuntade de Galicia. Indícase que o interese do equipo reitoral e deixar a proposta encamiñada, sobre todo tendo en conta a capacidade de crecemento do Campus de Pontevedra. Indícase que xa se abordou o tema co Concello de Pontevedra e todo apunta a que se pode chegar a acordos positivos.
- En canto á situación dos estudios de enfermería o punto da negociación acadado pasa pola existencia dunha Facultade en cada unha das universidades contando con presenza, no caso da Universidade de Vigo, nos tres campus e contando cun decanato rotatorio.

Neste punto o Reitor quere facer constar o seu agradecemento á Facultade de Fisioterapia cuxo apoio ten permitido ir dando pasos no relativo aos estudos de Enfermería.

Informa, ademais, de que inda está pendente o convenio entre as dúas Consellerías e as tres universidades. No caso específico da Universidade de Vigo tamén está pendente o convenio de desascripción co SERGAS, no que previsiblemente no haberá problemas. En calquera caso, deben seguir dándose pasos para avanzar na concreción deste título.

- O Reitor tamén da conta das negociacións orientadas á consecución de novos títulos. Xa se comunicaron os intereses da Universidade á Consellería e, no caso de Pontevedra, e como xa se

ten comentado noutros foros, a proposta terá relación directa co campus de especialización. Sexa como sexa apóstase por unha proposta de campus complementarios e non competitivos en canto a oferta de títulos.

- Tamén se informa sobre a creación dun novo Instituto de Investigación en Pontevedra que se organizará en torno aos grupos de investigación relacionados co Deporte. Inda está pendente organizar xuntanzas para afondar no tema, que se considera de grande importancia no desenvolvemento futuro da Universidade, xa se conta cun orzamento inicial de 10.000 euros. A proposta parte de que os Institutos de Investigación, que confirman o seu funcionamento no sistema universitario mundial, son o punto de partida dos Centros de Investigación

Dun xeito máis concreto, infórmase de que se vai presentar unha convocatoria de Institutos de Investigación e esta proposta suporía que a Universidade de Vigo chegara a cinco logo dos catro creados nos últimos 3 anos. De feito, existencia deste instituto permitiría acadar datos máis positivos para o Campus e o obxectivo final é poder ser máis competitivos no nivel autonómico e estatal.

Ponse de exemplo de bo facer ao CINTEX, que empezando dende 0, pero contando con grupos que garantían o cumprimento dos requisitos teñen avanzando ata conseguir ser un centro de referencia que xa está no proceso de avaliación externa.

- Procédese a informar sobre as modificacións das titulacións de PCEO, Grao e Mestrado para o curso 2025-2026, facendo especial alusión ás relativas a Pontevedra.
 - Grao en Enfermería, pendente da creación do centro, pero co título xa avaliado pola ACSUG.
 - Os novos mestrados do Campus:
 - Ciencia do Exercicio, Preparación Física e Readaptación Deportiva (Ciencias do Deporte);
 - Creación Artística Contemporánea (Belas Artes);
 - Enfermería de Práctica Cardiovascular e Respiratoria Avanzada (impartido en Fisioterapia)
 - En canto aos resultados de matrícula, os datos aportan cifras moi positivas para o Campus de Pontevedra e o Reitor quere agradecer o esforzo dos decanatos dos centros que traballaron arreo por manter estes bos datos ademais das correspondentes Vicerreitorías (de Campus e de Captación de alumnado).

Taxa de ocupación dos Graos: Vigo: 104%; Pontevedra: 107%; Ourense 103%; Total 105%

O Reitor fai alusión a importancia que ten e que vai ter no futuro o alumnado estranxeiro, especialmente latinoamericano, se se produce a prevista baixada demográfica e a conseguinte redución de alumnado.

Indícase que se ten exercido unha política “continuista” en canto aos títulos relativa a que non se realice un cambio de título se estes van mal xa que se considera que todos son o suficientemente sólidos para agarda a tempos mellores. De feito, no momento actual pode garantirse que ningún título da Universidade está en perigo.

Fálase do caso concreto de Enxeñería Forestal no que se tiña iniciado unhas negociacións relativas a oferta o título de xeito conxunto con Lugo e que quedaron paradas polas eleccións autonómicas pero que, en calquera caso, sempre se garantía o mantemento do título de grao completo en Pontevedra.

En canto aos datos de evolución da matrícula, estes amosan unha tendencia positiva e inda que estes datos son bos, non debe perderse o foco de que a prioridade absoluta do equipo de goberno é ser útil á sociedade a través da formación polo que a análise do que se está facendo de ir máis aló dos datos.

Insístese no recoñecemento do traballo realizado polos centros e que non se percibe de xeito inmediato senón pouco a pouco e tense conseguido que os campus sexan cada vez máis coñecidos e de aí que se consigan eses bos datos.

No relativo aos mestrados non se é tan “conservador” xa que estes estudos si permiten cambios e modificacións para adaptarse ás demandas ou necesidades. Neste punto fálase da proposta de Mestrados do proxecto 2030 da Xunta de Galicia onde seguen pendentes varias propostas e inda está pendente ver cómo evolucionan.

Taxa de ocupación dos Mestrados: Vigo: 77%; Ourense: 92%; Pontevedra: 84%; Intercampus: 78%; Total: 79%

Xa no referido aos programas de Doutoramento, con datos máis discretos, faise fincapé na alta captación internacional.

Taxa de ocupación Doutoramento: Vigo: 50%; Ourense: 70%; Pontevedra: 107%; Total: 59%.

Tamén se fai alusión ao Programa Universitario de Maiores expresando o Reitor a súa satisfacción polos datos xa que, despois do baixón que supuxo a pandemia e a pesares de que a Universidade de Vigo foi unha das poucas que mantivo a actividade neste programa, estase producindo unha recuperación.

Todos estes datos implica que no curso actual a Universidade de Vigo conta con 20.148 alumnos estando o 21% (4.230) no Campus de Pontevedra. Considérase que a medida da matrícula gratuíta en primeiro ano levada ao cabo pola Xunta de Galicia, xunto co traballo dos centros e as Vicerreitorías ten conseguido resultados moi positivos.

En calquera caos, tamén se manifesta a preocupación da Vicerreitoría con respecto a evolución futura. Sendo a principal desas preocupacións a remuda xeracional do profesorado, que garanta a calidade actual do servizo, a segunda está, precisamente en seguir captando alumnado xa que os datos indican que o “inverno demográfico” está próximo e no ano 2028 comezará unha notable baixada do estudantando. Por todo isto é preciso aproveitar toda a calidade do sistema para atraer alumnado estranxeiro.

O Reitor abre unha quenda de intervencións sobre os aspectos comentados.

O profesor López Mira intervén para indicar que se pode estar producindo un incumprimento da normativa ao terse celebrado o anterior Consello de Campus en marzo de 2024 o que implicaría unha frecuencia de un ano cando o esixido é 1 por trimestre.

O Reitor indica que a normativa establece dous por ano, pero que o curso pasado a convocatoria prevista para decembro resultou imposible pola concatenación de órganos de goberno internos e externos nos que se tivo que participar. Considerado que existe unha obriga moral pola súa parte de estar presente nos Consello de Campus, non se contou con data para poder convocalo dentro do ano, pero agarda corrixirse esta situación chegando a unha media de tres ao ano.

O profesor López Mira solicita información no relativo á situación da parcela de Tafisa preguntando se xa existe acordo co Concello e se se ten avanzado no financiamento extraordinario requirido para a actuación na mesma.

O Reitor indica que se manteñen conversas coa Consellería e é previsible que se asine unha addenda ao convenio de infraestruturas a semana próxima. Os fondos comprometidos nesa transacción son, como xa se ten informado, os referidos ao edificio Aeroespacial de Ourense, pendente dunha segunda licitación (na primeira non se presentou ninguén). Trátase de convenios moi complexos de carácter plurianual.

Terceiro. Informe da Vicerreitora de Campus

O Reitor cede á palabra á Vicerreitora de Campus, Eva Lantarón.

A Vicerreitora comeza a súa intervención manifestando que asume a súa parte polo feito de que a reunión do Consello non se celebrara en decembro. Indica que se desestimou a posibilidade de facelo en período vacacional sendo as únicas datas dispoñibles debido aos múltiples compromisos do mes de decembro.

A Vicerreitora procede a realizar un resumo de asuntos relacionados co Campus dende a anterior celebración do Consello:

- En canto a relacións institucionais, confírmase a consolidación dos marcos de traballo estable co Concello e a Deputación de Pontevedra. Concretamente fábase do convenio plurianual co Concello de Pontevedra e o acordo por valor de 55.000 euros coa Deputación. Tamén se menciona a colaboración permanente co Consello Social da Universidade e coa Escola Naval Militar.
- Como punto fundamental infórmase tamén do proceso de acreditación do campus de especialización CREA, no que será preceptiva a aprobación do Plan Estratéxico do Campus CREA que se abordará no punto quinto desta sesión. Como parte dese plan estratéxico xa se ten avanzando na consolidación da estrutura de gobernanza e xestión así como na implementación da marca “Campus CREA” mediante diversas accións, medidas e campañas. Concretamente menciónase:
 - En Investigación:
 - A posta en marcha da iniciativa CREA Lab
 - A celebración do Congreso Internacional de Creatividade
 - As Xornadas de Investigación
 - Diversas actividades de divulgación do programa de Doutoramento en Creatividade e Innovación social e sustentable
 - A elaboración propostas de proxectos europeos, entre os que se poden mencionar os POCTEC coa Universidade de Vigo, as Deputacións de Ourense e Pontevedra e a Xunta de Galicia.
 - Tamén se traballou na presentación dunha proposta para o programa Erasmus+ pero esa quedou adiada para o 2025 por cuestións técnicas.
 - En Transferencia:
 - A celebración da Semana da Creatividade.
 - A I Olimpiada da Creatividade que está organizada para marzo e abril do presente ano.
 - A convocatoria dos IV premios CREA de Creatividade e Innovación.
 - A publicación da revista “International Multidisciplinary Journal CREA” prevista para xaneiro de 2025 e que ven de conseguir a súa indexación.
 - As actividades da Cátedra Almirante Álvarez Osorio, nas que se inclúen catro conferencias e a segunda edición da celebración da Regata.
 - No relativo a actividades culturais no campus, destácase que a organización das mesmas pivótouse en torno a catro niveis básicos:
 - Nivel 1. Formativo. Actividades de formación aos distintos colectivos.
 - Nivel 2. Creación de grupos estables (baile, música, teatro...) que permitiu organizar actuacións con artistas de prestixio.
 - Nivel 3. Actividades específicas.
 - A Mostra Internacional de Teatro Universitario.
 - O Día de Rosalía
 - Obradoiros de Extensión Universitaria
 - Exposicións na Sala Universitaria Manuel Moldes
 - O Ciclo de Música ReCrear
 - O Ciclo de Música de Cámara nos Campus
 - O Ciclo de contos
 - Novos Cinemas
 - Nivel 4. Actividades de fomento do emprego e o emprendemento (en colaboración directa coa correspondente Vicerreitoría)
 - IN-Teans
 - Programa Tales
 - Pont-Up Store
 - Emprego In-Campus
 - Colaboración con Debut. Neste último punto cun agradecemento especial á Facultade de Deseño e ao Máster de Moda por permitir que o alumnado

de centros de secundario poida asistir a unha exposición posterior das pezas.

- A Vicerreitora tamén informa de actuacións en infraestruturas no campus. Concretamente informa sobre:
 - A acometida dun novo trazado da rede de auga potable da Facultade de Enxeñería Forestal, a Facultade de Fisioterapia e a Escola Infantil xa que non se dispuña de auga potable nalgúns momentos do ano. Foi un traballo complexo pero xa se atopa en marcha.
 - Tamén se realizarán melloras no pavimento do pavillón universitario; unha actuación que está previsto que comece de xeito inmediato pero que segue pendente por mor das inclemencias meteorolóxicas xa que hai que acometer unha mellora na cuberta antes de comezar co pavimento. Pídese a comprensión dos usuarios xa que as actuacións poden supoñer un mes de paralización da actividade neste equipamento.
 - Infórmase tamén da mellora da iluminación en zonas deportivas da Facultade de Ciencias do Deporte.
 - Tamén se realizaron cambios nos indicadores do Campus, considerándose una actuación importante de cara a crear identidade e sentimento de pertenza.
 - Procedeuse ao acondicionamento dos accesos á Facultade de Enxeñería Forestal que se atopaban en mal estado,
 - Dáse conta da posta en marcha do novo sistema de produción de ACS mediante aerotermia na Escola Infantil do Campus.
- Finalmente, a Vicerreitora informa das previsións de actuacións a partir deste punto.
 - Negociación para o mantemento ou continuidade dos convenios plurianuais coas institucións (Concello, Deputación, Xunta e Consello Social)
 - A implementación das liñas de traballo do Plan Estratégico 2024-2027 do Campus de especialización CREA no relativo a docencia, investigación e transferencia.
 - A continuidade do programa cultural, considerado esencial no campus de Creatividade.
- A Vicerreitora quere deixar constancia do seu agradecemento a decanas e decanos, PDI e PTXAS sen os que todas estas actividades e accións non terían sido posibles.

O Reitor abre unha quenda de intervencións sobre estes asuntos.

O profesor Enrique Varela intervén para falar sobre a sinalización do Campus. Indica que, estando constituídos como Facultade de Dirección e Xestión Pública dende hai xa tempo, tense traslado a correspondente solicitude ao Vicerreitor de planificación no relativo á sinalización das dúas Facultades (DXP e Comunicación) na zona externa do edificio. Enténdese que se trata dunha actuación que non se ten que asumir dende o centro, é unha cuestión de planificación ou de Campus. Indícase de que se considera o momento de facer as modificación e pon como exemplo a Facultade de Comercio en Vigo.

O profesor Enrique Varela tamén fai referencia á sinalización interior onde explica que a Facultade de Comunicación ten acometido o cambio da sinalética do centro pero que quedaron sen modificar os espazos da Facultade de Dirección e Xestión Pública e solicita que se resolva esta disonancia que se produciu e que é necesario rematar isto e o directorio da porta para confirmar a consolidación da imaxe da Facultade de Dirección e Xestión Pública.

O Reitor informa de que existen orzamentos para mudar a sinalética dos tres campus coa finalidade de evitar a diversidade de formatos que existe e pon como exemplo a necesidade de identificar a zona onde se atopa a Facultade de Comercio como zona universitaria.

A Vicerreitora de Campus lembra que no mes de decembro celebrouse unha reunión ca Vicerreitoría de Planificación e indicouse que se estaban adiantando os prazos para a solicitude de actuacións dos centros e que haberá que informar das necesidades que existan nese proceso.

A profesora Emma Torres-Romay solicita intervención para a indicar que a Facultade de Comunicación asumiu cos fondos propios a modificación da sinalización dos seu centro e, con información previa co decanato de Dirección de Xestión Pública, a dos espazos comúns do centro. Todo o deseño foi realizado pola Área de Imaxe da Universidade de Vigo e, polo tanto a Facultade de Dirección e Xestión Pública pode seguir o mesmo proceso para aplicar na zona do seu centro.

Cuarto. Informe da Vicerreitora de Investigación, Transferencia e Innovación

A Vicerreitora Belén Rubio indique que puido visitar o Campus en numerosas ocasións o pasado ano especialmente por cuestións vinculadas co Campus CREA e con mesas de negociación e que sempre é un pracer estar neste campus.

Indica que aproveita a ocasión deste Consello de Campus para dar conta da situación da Universidade de Vigo en termos de investigación e transferencia.

Comeza informando da situación da Universidade de Vigo nos distintos Rankings:

- No U-ranking de universidade españolas a Universidade de Vigo sitúase por riba da media no relativo a investigación e docencia. Analizando os datos, compróbase como son moi positivos os datos en case todos os indicadores de investigación e innovación con excepcións como os relativos a teses de doutoramento onde se sitúa algo xusto.
- No Ranking ARWU ou Raking Shangai a Universidade de Vigo está no índice 801-900 sendo moi importante conseguir seguir estando presente. Existe certa baixada derivada a ausencia de algúns dos investigadores altamente citados que estaban en edicións anteriores do ranking. De feito, destácase como a UVigo se atopa moi ben posicionada na análise de eidos concretos.
- No QS Ranking a posición é 901-950 seguindo unha traxectoria de mellora e, de feito, neste ranking a Universidade de Vigo está entre as mellores do mundo en 4 ámbitos.
- No Ranking THE- The World University Rankings a posición é 801-1000 destacándose as melloras conseguidas relativo ao “ambiente de investigación”.
- Tamén se mencionan outros Rankings como o *Forbes* onde a Universidade de Vigo está situada entre as 25 mellores universidades de España
- Neste aspecto a Vicerreitora incide no selo HR de calidade en investigación.

Tamén aporta cifras da Universidade de Vigo en investigación e transferencia e amosa a evolución histórica do financiamento das actividades de I+D, cunha evolución moi positiva. No relativo aos proxectos competitivos en colaboración empresa-universidade a cifra supera máis de dous millóns de euros. A Vicerreitora destaca a mellora na consecución de proxectos europeos indica que dita mellora garda relación coa creación da oficina de proxectos internacionais que tamén conta cunha persoa en Pontevedra. Aproveita para agradecer o apoio sindical para chegar a contar con este servizo. Neste punto, indícase que existen sinais moi positivas en internacionalización e queda constancia da participación de persoal da Universidade de Vigo participando en proxectos por todo o mundo.

A continuación informa sobre as estruturas de investigación, centrándose nos grupos, nos Institutos de Investigación nos centros CIGUS e en outros como o CINTEX e ECOBAS, ademais dos interuniversitarios (CITMAGA, CISPAC), sendo tamén importante as estruturas de soporte a todas entidades como é o CACTI, ECIMAT e CITI.

A importancia da labor investigadora da universidade fixo necesaria a creación de programas específicos de internacionalización como o de benvinda a investigadores visitantes. Aporta datos relativos a investigadores visitantes de máis de 20 países destacando a relacións establecidas con institucións portuguesas e chinesas. De feito, a evolución anual da porcentaxe de colaboración internacional en comparación das outras universitarias do SUG aporta datos moi significativos. Faise, polo tanto, un resume dos indicadores de esta cuestión e destácase a participación da Universidade de Vigo no programa ATHENA, no que colaboran 10 institucións e que permite a dinamización e a xestión de propostas internacionais. Isto supón que se propia un bo punto de partida para a solicitude de proxectos.

No caso da produción científica, cóntase con datos de interese. Tal é o caso da evolución anual dos

documentos Q1 no período 2014-2023 e sublíñase unha mellora notable en comparación con outras universidades. Tamén se analizan as temáticas máis destacadas na produción científica da universidade e destácanse os dato relativos o ámbito do deporte. A Vicerreitora chama a atención sobre a importante porcentaxe de publicacións en acceso aberto e, a este respecto, indica o importante traballo que realiza a Biblioteca Universitaria que, precisamente no día de mañá, celebrará unha xuntanza informativa no relativo á solicitude de sexenios.

Ese acceso aberto está agora mesmo pendente da negociación e dos acordos da CRUE, sendo moi importante o papel de “Investigo” dentro do Portal de Investigación da UVigo que vai resultar fundamental, precisamente, para a elaboración dos sexenios que poden obter practicamente todos os datos de referencia desa fonte. Por esa razón anima aos investigadores a actualizar e revisar os seus datos.

A Vicerreitora informa que, ademais do repaso dos indicadores actuais, non se pode perder de vista que van xurdir novos indicadores vinculados co proxecto COARA, a declaración de San Francisco e o Manifesto de Leiden. A UVigo está adherida a COARA dende 2022 contando cuns obxectivos marcados para o período 2024-2027 coa intención de poñer en marcha un proxecto piloto en 2026, contándose actualmente con catro grupos de traballo no relativo a avaliación da Producción Científica, da Transferencia, dos Sexenios e dos FPU. Os cambios no sistema de avaliación supoñen máis ítems e menos automáticas sendo menos “JCR” dependentes. A Vicerreitora remata a súa intervención con consideracións breves sobre os seguintes aspectos:

- Carreira investigadores
- Perfís de investigación na UVigo
- Programa de retención de talento da UVigo.
- Evolución do Programa Ramón y Cajal
- Situación do persoal investigador potencialmente consolidable da UVigo.

Ábrese unha quenda de intervencións sobre estes temas.

O profesor Enrique Varela solicita a corrección das nomenclaturas de Ciencias Sociais e da Comunicación nas listaxes.

Xan Cedro intervén para indicar que quen xestiona toda esa produción científica é o PAS e os Servizos e sen isto non é posible mellora, sobre todo coñecendo as grandes dificultades que ten todo isto. Indica que a súa intervención resposta ao feito de que proximamente haberá unha nova negociación de RPT tras a elección da Xunta de Persoal en marzo. Un dos erros da anterior RPT, co anterior xerente, foi precisamente no eido da investigación e pedíramos que estivera na mesa de negociación a Vicerreitora de investigación e o xerente non quixo e a proposta non cubría as necesidades. Hai pouco negociouse un novo servizo que era moi necesario, servizo concreto para xestionar o persoal de investigación

A Vicerreitoría intervén para indicar que, efectivamente no servizo de Investigación é fundamental o papel dos PTXAS e, pon de exemplo a creación da OPI.

Xan Cedro replica indicando a necesidade de diferenciar os procesos de docencia e investigación como noutras universidades. De feito póñense exemplos doutras universidades precisamente no relativo a investigación e internacionalización. Tamén se comenta a necesidade de arranxar no relativo a persoal de investigación no Campus de Pontevedra.

A Vicerreitora reitera o seu compromiso con implicarse nos procesos ou negociación que supoñan melloraras para o persoal no ámbito de Investigación.

Quinto. Aprobación, se procede, do Plan Estratéxico do Campus CREA 2024-2027

O Reitor cede á palabra a Directora do Campus CREA, Ana Belén Fernández Souto, para que informe sobre o plan estratéxico que se somete a unha primeira aprobación para trasladalo ao Consello de Goberno.

A profesora Fernández Souto comeza a intervención agradecendo o traballo de Alberte, xestor do Campus CREA. Informa de que a Xunta mudou a convocatoria para os Campus de Especialización o pasado verán e isto implica que é obrigatorio ter un plan estratéxico no que xa se estea traballando. Esta é unha condición para poder optar ao financiamento da institución.

Así, preséntanse un Plan Estratéxico que toma como referencia a documentación doutros campus especializados e que foi remitido na documentación da reunión. Lémbrese que o proxecto de especialización require centrarse en titulacións máis próximas á creatividade. Dito plan ten:

6 obxectivos estratéxico:

- Estrutura organizativa
- Docencia
- Investigación
- Transferencia
- Internacionalización
- Captación de recursos

3 retos

- Elemento aglutinador
- Creatividade como eixo de colaboración transversal
- Posicionar a marca Campus CREA

4 liñas de acción

- Posicionamento como campus de referencia
- Formación da creatividade
- Xeración de investigación multidisciplinar
- Promoción, transferencia e tecnoloxía

Indícase, ademais, un *timeline* do proceso de acreditación no que, debido ao cambio de normativa, só se podería presentar ata dous anos despois da acreditación do Campus AUGa. Deste xeito é importante aprobar o plan estratéxico e seguir traballando no plan, aprobar a documentación administrativa.

Ábrese unha quenda de intervencións sobre este tema:

O profesor Álvaro López Mira pregunta sobre en que momento se decidiu que no Campus CREA entran só a metade das titulacións do Campus. Sinala que non é de recibo que isto non se fale con detalle nos órganos colectivos do Campus antes de chegar aquí. Son varias as titulacións que quedan fóra e incapacitadas. Se é así terán que dicilo e xustificalo. Xa avisou hai anos deste tema cando o campus do Benestar (que custou unha consultoría) e cambiouse a campus da Creatividade.

Ángeles Cancela, Decana da Facultade de Forestais indique que o tema informouse no Consello de Campus e que incluso dándose o caso de que ocupaba o cargo da directora do Doutoramento do Campus CREA sendo de Forestais.

Ana Belén Fernández Souto incide en que o tema foi obxecto de explicación no Consello de Campus segundo indicacións da Xunta de Galicia.

Álvarez López Mira replica que nos seus plans de estudio hai materias de Creatividade e Innovación e que se puido ter en conta e falado coa Facultade antes de deixala fóra.

Ana Belén Fernández Souto resposta que existe unha vía de traballo que se define como “Creatividade e Sociedade” e que os grupos de investigación que traballen nese ámbito poderán solicitar integrarse, como se fai no campus de Ferrol.

Toma a palabra o Reitor para informar de que, efectivamente, ata agora existía unha correlación entre Campus de Pontevedra é o Campus CREA pero foi a normativa a que requiriu determinar algo máis esta situación, sobre todo tendo en conta a experiencia previa do Campus AUGA. Tanto no caso de Ourense como no de Pontevedra era preciso o traballo tendo en conta o beneficio para todo o Campus. E plantéxase que par ter éxito era preciso facer o mesmo que se fixo en Ourense: deixar fóra algunhas titulacións. Deixáanse as que poden pasar o filtro da Xunta de Galicia e reitérase que a consecución do

recoñecemento supón a consecución de fondos que benefician a todo o Campus. Tamén se indica que podería haber máis dunha especialización nun Campus o que reitera a idea de que non existe unha correlación entre o campus físico e o de especialización. Neste punto destácase que os pasos que se están dando son os pasos que nos marcan e toca empurrar entre todos no mesmo sentido xa que pódese conseguir ata un millón de euros anual para reforzar os obxectivos do Campus.

Álvaro López Mira considera que a Xunta vai dicir que si pero como no seu caso representa un centro que non está incluído, non o considera unha proposta integradora de todo o Campus e por iso vai votar en contra.

O Reitor reconece a complexidade da decisión e procédese a votación:

A favor: 10

En contra: 0

Abstencións: 4

Enrique Varela solicite que conste na acta a súa abstención.

O Reitor tamén quere deixar constancia do agradecemento pola abstencións ao supoñer unha posición moi construtiva.

Quinto. Rolda de intervencións

Enrique Varela informa das incidencias producidas coa limpeza do centro motivadas polo mal uso do espazo durante o período de apertura da biblioteca no Nadal. Indica que as responsables de limpeza informaron de se fixo un emprego irrespectuoso deste espazo e é necesario esixir respecto e responsabilidade. Respecto do traballo e respecto do centro.

Emma Torres-Romay apoia o indicado polo profesor Enrique Varela indicando que son reiterados os problemas producidos nas datas de apertura nocturna da Biblioteca, onde non só se producen problemas por mal uso do resto das instalacións (especialmente os baños) pero tamén outras incidencias incluso con consecuencias en seguridade. Plantexa que se analice pormenorizadamente a adecuación dese horario de apertura excepcional.

Ángeles Cancela indica que non pode perderse de vista á demanda da Biblioteca e que se trata dun servizo que se aporta á sociedade de Pontevedra, non exclusivamente ao estudantando, polo que se debe valorar o servizo que se está prestando.

O Reitor sinala que quizais é preciso valorar a adecuación de manter o horario nocturno.

Carlos Mollinedo sinala que a apertura nocturna foi unha reivindicación do alumnado de hai moitos anos pero en realidade nunca se valorou obxectivamente o custo da apertura de biblioteca en horario extraordinario e que hai que ter en conta os gastos de mantemento e persoal. Indícase que se deberá valorar se se está dando un servizo adecuado xa que estas aperturas supoñen unha contratación de persoal moi complexa. Indica que, efectivamente a maior parte de usuarios son externos a Universidade de Vigo e que sería preciso facer informes máis precisos non só de números senón de tipo de usos. Sinala que efectivamente pode existir unha necesidade social pero que debería ser atendida polos Concellos e a Deputación.

Enrique Varela solicita non perder o foco sobre o inicio desta conversa con persoal agraviado polo mal uso realizado. Trátase da queixa dunha persoa que é parte dunha contrata e é importante que non se perda a parte persoal e humana. Indica que serían precisas normas e avisos para evitar eses malos usos.

O Reitor indica que teñen pendentes reunións con representantes sindicais e sería preciso realizar unha análise detallada sobre a situación por se é preciso valorar o non realizar a apertura nocturna, deixando

claro, de todos os xeitos que debémonos a toda a sociedade e non só a todo o estudiantado.

Xan Cedro indica que non se pode pasar dun plantexamento sobre educación a cuestións xerais de apertura de biblioteca. Indica que é un servizo que teñen todas as universidades e que incluso pode ter vinculación coa captación de alumnado. En Pontevedra non hai oferta de bibliotecas públicas. Estase dando un servizo público e revitalízase o campus.

Carlos Mollinedo indica que sería incluso precisa unha discusión sobre o pagamento de horas extras nocturnas.

Enrique Varela solicita que conste en acta que non dixo nada con respecto a este tema.

O Reitor indica que quedaron claras todas as posturas.

Carlos Mollinedo indica que para a nova Facultade de Enfermería sería preciso un Regulamento interno de xeito urxente, xa que incluso houbo polémica co nomeamento do decano comisiario.

O Reitor indica que non sabe se é viable traballar nisto cando o centro inda non existe. É un acordo do SUG de que só sexa unha Facultade por universidade. Hai exemplos de acordos multicampus que se respectan pero a suxestión queda recollida.

Ángeles Cancela expresa o seu agradecemento ao Reitor e ao Vicerreitor de Planificación polos dous novos espazos na Facultade e solicita a Vicerreitoría datos de investigación e transferencia da Escola de Enxeñería Forestal para saber a posición do centro con respecto ao Campus e á Universidade de Vigo.

Vicerreitoría toma nota para facilitar a información solicitada.

Ángeles Cancela trasládalle á Vicerreitora de Campus a necesidade de que unha liña de autobús chegue ao Campus. Necesidade que é demandando polos estudantes.

O Reitor informa de que esa petición xa lle foi trasladada ao Concello. A CEUVI tiña unha reunión co Concello no que este era un dos temas.

A Vicerreitora do Campus informa de que se insiste cada certo tempo aínda que a explicación pasa por que a cota de quilómetros das liñas se excede e por tempos. Solicitaron parada na zona do estadio de Pasarón pero non lle ve fácil solución.

Carlos Mollinedo menciona o problema do apeadeiro de Renfe.

Álvaro López Mira realiza a suxestión de facer un mapa de zonas inundables do campus tomando medidas oportunas ao respecto. Tamén pregunta se a secretaría virtual se vai incorporar a Sigma ou non.

O Reitor informa que no relativo ao novo aplicativo para POD as desgravacións van figurar en Secretaría Virtual. Non se vai traballar directamente sobre Sigma senón nunha aplicativo da UVigo que se trasladará a SIGMA. Sigma si é plataforma multilinguaxe, pero o nivel de erros era moi grande.

Itziar Bermejo en representación dos estudantes dá as grazas pola benvida. Pregunta sobre a situación do servizo de atención psicopedagóxica no Campus de Pontevedra. Con respecto ao Grado de Dirección e Xestión Pública, concretamente do alumnado de modalidade virtual, reitera a queixa habitual relativa á participación do alumnado que non teñen as opcións habituais, tampouco poden presentarse como candidatos e é necesario darlle resposta a este alumnado; tamén fala do recoñecemento de créditos no Grao, onde moitos estudantes teñen moita experiencia laboral, estudos previos, cargas laborais e de traballo e piden o recoñecemento e este resultan moi importantes, sen embargo, este ano foron resoltas con moito retraso. Indica que ten coñecemento de que noutros centros existen táboas de convalidacións que permiten informar previamente o que se pode recoñecer.

O profesor Enrique Varela indica que sobre as convalidacións houbo problemas este ano e houbo problema todos os anos, xa que non é un alumnado típico. É difícil xestionar iso de xeito normal. Xa foi comentado en Xunta de Facultade para o ano próximo de contar con táboas e adiantar algúns procedementos. É fundamental informar ao alumnado e coordinador coa área de estudos de Grao por parte do equipo decanal. Solicita que se lle traslade o exposto ao decanato.

Xan Cedro amosa a súa sorpresa polo problema xa que os prazos son os mesmos en todos os centros da Universidade.

O Reitor indica que sendo un grao virtual – unha aposta valente e complicada - probablemente no futuro haberá que facer cambios e adaptacións. No primeiro mandato solicitouse á persoa que leva este tema, o software de votación electrónica pero sucedeu que quebrou (como Xescampus). Non é tan sinxelo, inda que estamos traballando para iso. No Claustro é máis complicado, son máis de 300 persoas e un órgano de debate e por acordo unánime da mesa decidíronse as sesións eran presenciais pero agora hai sesións mixtas. Comentarase coa mesa do Claustro.

Xosé Manuel Buxán informa sobre a preocupación sobre o plaxio nos traballos do alumnado e sobre a imposibilidade de detectar traballos realizados con Intelixencia Artificial.

A Vicerreitora informa de que a Universidade dispón do sistema de antiplaxio Turnitin pero non existen opcións para a detención de contidos realizados con IA.

Remata a sesión, en Pontevedra sendo ás 14.00 horas.